



EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS 2025

Tesoureiras do noso

Material das vitrinas

VITRINA 1				
Recoller a palabra				
Documento	Datos documento	Sinatura na Biblioteca de Galicia	Ligazón ao Catálogo da Rede	Comentarios
1	<p>Obras posthumas del Rmo. P. M. Fr. Martín Sarmiento, Benedictino : tomo primero : memorias para la historia de la poesía y poetas españoles / dadas a luz por el Monasterio de S. Martín de Madrid.</p> <p>Autor(es): Martín Sarmiento ; Ibarra, Joaquín, ; Monasterio de San Martín --Madrid).</p> <p>Publicado por: Joachin Ibarra, impresor de Cámara de S.M., en 1775.</p>	PBA 198	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=898482	Foi o primeiro home culto que valorou as cantigas populares galegas. Considéraas pura poesía, sen artificio, adiantouse ao movemento romántico posterior. Rescátaas da esfera iletrada para a cultura de prestixio.
2	<p>Obras en prosa y verso del cura de Fruime D. Diego Antonio Cernadas y Castro ... : tomo I</p> <p>Autor(es): Cernadas y Castro, Diego Antonio ; Ibarra, Joaquín --(fl. 1754-1785)</p> <p>Publicado por: por D. Joachin Ibarra ..., en 1778</p>	PBA 137	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=898323	Recolle unha pequena cantidade de cantigas, pero non as admite entre a "boa literatura"



3	Cantares gallegos / Rosalía de Castro de Murguía. Autor(es): Castro, Rosalía de ; Publicado por: Librería de D. Leocadio López, Editor, en 1872	BL-3561	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=374114	Ela é a autora que mellor se identifica coa literatura popular galega. Non só recolle as cantigas, senón que as eleva ás cotas máis altas ata o momento, dentro e fóra de Galicia.
4	Historia de Galicia / por Manuel Murguía. Autor(es): Murguía, Manuel ; Diéguez y Otero, ; Seminario Conciliar Central de Santiago de Compostela ; Imprenta y Fotograbado de Ferrer (A Coruña) ; Martínez Salazar, Andrés --(1846-1923) ; Carré Aldao, Eugenio --(1859-1932) ; Soto Freire, Manuel --(1826-1897) Publicado por: Imprenta de Soto Freire, editor, en 1865 , 5 volumes	PB 4824	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=891875	O seu interese polas cantigas foi máis ben científico, como fonte para a historia. Grazas ao seu prestixio logra promocionar o seu estudo e coñecemento dentro e fóra de Galicia.
5	Cantigueiro popular / Marcial Valladares Núñez. Autor(es): Valladares Núñez, Marcial ; Publicado por: : Publicacións da Real Academia Gallega en 1970	BL-5451	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=359538	Fixo a primeira gran recolla (190) no manuscrito do Cantigueiro popular, pero chegou a ter máis de 400. O cantigueiro non se publicou ata 1970. A colleita tiña un sesgo moralista, pero valorábaas moi positivamente. Usábaas como fonte lexicográfica.
6	Colección de Cantares Gallegos / [recompilación], José Casal Lois ; edición, introducción, notas e glosario por Domingo Blanco Autor(es): Casal Lois, José. ; Blanco Pérez, Domingo --(1947-) ; Consello da Cultura Galega. --Sección de Lingua. ; Museo de Pontevedra. ISBN: 84-95415-21-6 Publicado por: Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua : Museo de Pontevedra en 2001	DL-6183	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=366005	Reprodución do manuscrito datado en 1884. Esta edición é do ano 2000 e trata de reproducir fielmente o texto orixinal. É a recolla ordenada e mellor presentada de case 2.000 textos. Máis tarde chegou a xuntar máis de 4.000. Gañou os Xogos Florais de Pontevedra.
7	Literatura popular de Galicia: colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos / recogidos por Juan Antonio	GA 3192	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-	Recolla máis completa (máis de 1.300 pezas) , coidada, analizada e variada ata entón.



	<p>Saco y Arce ; edición y estudio preliminar de Juan Luis Saco Cid.</p> <p>Autor(es): Saco y Arce, Juan Antonio --(1835-1881) -- aut ; Saco Cid, Juan Luis --(1938-) --edt ; Ourense. -- Concello –pbl. ISBN: 84-505-4801-2 Publicado por: : Diputación Provincial de Ourense, Servicio de Publicacións en 1987</p>		<p>detail.pl?biblionumber=824142</p>	<p>Sistematizada con método claro, serio, ordenado, aínda que co mesmo sesgo moral cá de Valladares. Pero non tivo a difusión acorde co seu mérito, non se publicou completa ata 1987</p>
8	<p>Biblioteca de las tradiciones populares españolas: folk-lore español / [director Antonio Machado y Álvarez]</p> <p>Autor(es): Machado y Álvarez, Antonio --(1848-1892). ISBN: 978-84-16633-46-3 Publicado por: Órbigo en 2015, 11 volumes</p>	<p>DL-42810</p>	<p>https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1211377</p>	<p>Emilia Pardo Bazán foi a presidenta da sociedade "El Folklore Gallego" creada en 1883, cuxa función era conservar o folclore para o estudo posterior, unha función case museística. O traballo da sociedade contribuiu moito á difusión da cultura popular galega fóra de Galicia.</p>
9	<p>Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de La Coruña / por José Pérez Ballesteros ; con un prólogo del mitógrafo portugués Theóphilo Braga ; y concordancias por Antonio Machado Álvarez Madrid : [s. n.], 1886 (Est. tip. de Ricardo Fe) 3 volumes (Biblioteca de las tradiciones populares. Folklore gallego / Antonio Machado y Alvarez)</p>	<p>PB 5369 PB 5379 PB 5380</p>	<p>https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=892290</p>	<p>O seu cancionero foi a recolla máis abundante (2.600 cantigas) ata ese momento. Moi bo traballo no relativo á selección e á filoloxía, estaba dirixido a captar novos interesados de fóra de Galicia, Acadou grande sona entre críticos e ilustrados, foi moitos anos un referente.</p>

Expoñemos, nesta vitrina, unha mostra dalgunhas das primeiras persoas cultas do pasado que mostraron interese polas nosas cantigas de tradición oral. Unhas mostraron maior interese ca outras, pero todas tiveron a suficiente sensibilidade como para apreciar a arte e o saber que contiñan. Algúns autores pensaban que non chegaban ao nivel da "boa literatura", a culta (coma o cura de Fruime), en cambio outros apreciaron a súa naturalidade e espontaneidade (coma Sarmiento ou Rosalía). Esta última foi quen mellor se identificou con elas e fíxoas revivir coma ninguén. Sarmiento ademais achega moita información sobre a importancia do papel das mulleres na creación desas coplas, importancia que reitera Murguía e outros autores posteriores.



Vemos tamén que o motivo que os levou a recollelas foi variado: desde o puro interese literario ou lingüístico de Sarmiento, Valladares ou Rosalía, coma o científico de Murguía que as usaba como base para elaborar a historia, ata o motivo case "museístico" de Pardo Bazán, como expresa na introdución da súa Miscelánea. Alí di que recóllenas, non para facelas revivir, senón para conservarlas, para o estudo futuro de investigadores ou sabios. El Folklore Gallego era unha sección de El Folklore Español, creado por Machado (o pai de Antonio e Manuel Machado). El promoveu a creación doutras seccións no estado español. O cancionero de Ballesteros, era parte da planificación da institución e estaba pensado para non galego falantes, para xente de fóra. Foi unha referencia durante moito tempo para críticos e público. En cambio o de Saco y Arce, tamén moi ben creado, non chegou a ter o mesmo éxito.

Estas persoas teñen moito máis mérito se pensamos no contexto sociolingüístico existente en Galicia daquela e que pervive hoxe en día, onde a lingua oficial e da clase culta e privilexiada era o castelán, non o galego, e que as cantigas sobrevivían grazas á xente da aldea, normalmente analfabeta e falante do galego. Como dato ilustrativo disto, pode dicirse que precisamente aqueles lugares onde penetrou máis o sistema educativo (cuxa lingua vehicular era o castelán) foi onde menos se conservou a tradición oral.

Que eles se interesaran por estas creacións resultaba incluso excepcional. De feito, non se ampliou o interese entre os ilustradaos, ata ben entrado o XIX, momento no que o romanticismo e o nacionalismo puxeron en valor estas creacións e tamén, cando a xente con renome como Murguía, ou institucións coma El Folklore Gallego, se interesaron por elas. A partir de aí o interese aumentou dentro e fóra de Galicia. Pero aínda así, podemos ver como algunhas foron recollidas no século XIX, pero non se publicaron ata ben entrado o século XX ou o XXI, coma no caso das de Valladares, Saco y Arce ou as de Lois Tobío.



VITRINA 2

Recoller moito máis

Docum ent o	Comentarios	Sinatura na Bibliote ca de Galicia	Ligazón ao Catálogo da Rede	Comentarios
1	<p>Cancionero musical de Galicia : colección de la Sociedad Arqueológica de Pontevedra / reunida por Casto Sampedro y Folgar ; reconstitución, introducción y notas bibliográficas por José Filgueira Valverde.</p> <p>Autor(es): Bermejo, C., ; Sampedro y Folgar, Casto, ; Filgueira Valverde, Xosé, ; Museo de Pontevedra, Publicado por: Museo de pontevedra, en 1942 , 2 volumes; volumen 1: Texto – volumen 2: Melodías.</p>	PB 5850 PB 5851	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=897466	Recollido entre 1884 e 1924 a nome da Sociedade Arqueológica de Pontevedra (da que Casto era presidente) e non viu a luz ata 1942, momento no que o publica Filgueira Valverde. Ademais da poesía, recolle a transcripción musical das cantigas e a descrición dalgunhas danzas. Sampedro foi dos primeiros en incorporar a transcripción musical e a descrición dalgunhas danzas.
2	<p>Cantos e bailes da Galiza / José Inzenga ; estudo e edición crítica de José Luís d. P. Orjais</p> <p>Autor(es): Inzenga, José. ; Orjais, José Luís d. P. ISBN: 84-933890-1-3 Publicado por: : Difusora de letras, artes e ideas en 2005</p>	G-78 INZ can	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=402277	O madrileño José Inzenga inclúe tres melodías galegas en <i>Ecos de España</i> , de 1874 e 1842, en <i>Cantos y bailes populares de España: Galicia</i> , de 1888. Esta é unha reprodución do 2005, que inclúe un estudo e análise do musicólogo e folclorista José L. d. P. Orjais. A obra de Inzenga pode considerarse o primeiro traballo etnomusical.
3	<p>Cancioneiro popular galego / recollido e ordenado por Dorothe Schubarth, e Antón Santamarina</p> <p>Autor(es): Schubarth, Dorothe --(1944-2023) --edc --edt ; Santamarina Fernández, Antón --(1942-) --edc --edt ; Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa --pbl</p>	G-39 CAN 6/2	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=453980	A musicóloga suíza Dorothe e o filólogo galego Santamarina percorreron Galicia polos anos setenta e oitenta recollendo máis de 300 horas de gravacións, unhas 5000 letras e centos de fotos e anotacións, en 82 concellos.



	ISBN: 84-85728-42-4 (O.C) Publicado por : Fundación "Pedro Barrié de la Maza", Conde de Fenosa en 1984 , 7 volumes			El comenta sobre ela: "... as informantes sentían orgullo de que alguén lles dese mérito a aquelas cantigas e non tiñan reparo en botar horas con ela. Nunca lle teño sentido que se lle pechase ningunha porta".
4	Cancioneiro popular galego / recollido e ordenado por Dorothe Schubarth, e Antón Santamarina Autor(es): Schubarth, Dorothe --(1944-2023) --edc --edt ; Santamarina Fernández, Antón --(1942-) --edc --edt ; Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa --pbl ISBN: 84-85728-42-4 (O.C) Publicado por : Fundación "Pedro Barrié de la Maza", Conde de Fenosa en 1984 , 7 volumes	BLCAS-9419(1)	Rede de Bibliotecas de Galicia catálogo > Detalles para: Cancioneiro popular galego / recollido e ordenado por Dorothe Schubarth, e Antón Santamarina	
5	Cancioneiro popular galego / recollido e ordenado por Dorothe Schubarth, e Antón Santamarina Autor(es): Schubarth, Dorothe --(1944-2023) --edc --edt ; Santamarina Fernández, Antón --(1942-) --edc --edt ; Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa --pbl ISBN: 84-85728-42-4 (O.C) Publicado por : Fundación "Pedro Barrié de la Maza", Conde de Fenosa en 1984 , 7 volumes	BLCAS-9419(4)	Rede de Bibliotecas de Galicia catálogo > Detalles para: Cancioneiro popular galego / recollido e ordenado por Dorothe Schubarth, e Antón Santamarina	
6	Cancionero gallego / [recopiladores], Eduardo M. Torner y Jesús Bal y Gay. La Coruña : Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, [1973] 2 volumes (363 ; 174 páxinas). Contén : t. I. Música [partituras] -- t. II. Textos literarios y notas al tomo I	D(1)-16261	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=454113	O Seminario de Estudos Galegos tamén se preocupou da tradición musical, os encargados foron Torner e Bal y Gay.
7	Cancioneiro popular galego / recollido e ordenado por Dorothe Schubarth, e Antón Santamarina Autor(es): Schubarth, Dorothe --(1944-2023) --edc --edt ; Santamarina Fernández, Antón --(1942-) --edc --	G-39 CAN 4-5/1	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-	



	-edt ; Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa --pbl ISBN: 84-85728-42-4 (O.C) Publicado por : Fundación "Pedro Barrié de la Maza", Conde de Fenosa en 1984 , 7 volumes		detail.pl?biblionumber=453980	
8	Gustav Henningsen : gravacións musicais en Galiza 1964-1968 / Xavier Groba, Sergio de la Ossa Autor(es): Groba González, Xavier; Ossa, Sergio de la --(1978-)--aut ; Henningsen, Gustav --(1934-) --edc ISBN: 978-84-940598-5-8 ; 978-84-947718-0-4 Publicado por: : aCentral Folque en 2017	DL-59992 DL-59992* (CD)	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1592578	O investigador Henningsen e a súa muller, a folclorista Marisa Rey, realizan gravacións en Galicia entre 1965 e 1977. El comenta: "O noso traballo de campo resultou [...] coma un percorrido por un museo vivente que nos deixou fascinados".
9	Lomax: el caçador de cançons / MM Filmprodukties presents ; in co-production with the NPS ; a film by Rogier Kappers. [Barcelona : Parallel, 2005]	DVD-	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2164141	Lomax pasou por Galicia entre 1952 e 1953. Como resultado, publicou en 1955 <i>Spain World library of folk and primitive music XIII</i> , onde figuran gravadas catro cantareiras de Fisterra e Corcubión. Neste documental, o director Rogier Kappers narra o paso de Lomax por España.
10	Pandereteiras de Mens / Pandereteiras de Mens ; [textos], Beatriz Busto Miramontes ; [transcripción das letras e partituras], Beatriz Busto Miramontes e Sergio de la Ossa Santiago de Compostela : Central Folque, Centro Galego de Música Popular, 2021 978-84-122867-2-4 (aberto na pax. 223)	DL-59996 DL-59996* (CD)	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2018577	A antropóloga fai un percorrido pola vida destas mulleres que non quedaron baixo os focos "ata que varias persoas do mundo urbano pousaron os seus ollos sobre elas".
11	Galicia canta ó neno / [fixo a escolma], Colectivo Fuxan os Ventos ; [grafía musical e ilustracións, Xosé Luis Freire ; coordinou, Xesús Mato]. Lugo : Alvarellos, D. L. 1979. 84-85311-30-2	DL-1240	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=554474	Mini (Xosé Luis Rivas Cruz) e Mero (Baldomero Iglesias Dobarrio) fixeron unha importante recolla. Ambos foron parte de <i>Fuxan os Ventos e A Quenlla</i> . Algunhas das súas recollas consérvanse no APOI do Museo do Pobo Galego.



Ademais das persoas que se decataron do valor da poesía, houbo quen tamén soubo ver o valor da música que as acompañaba e incluso dos bailes, por iso tamén recolleron as partituras, o son e as imaxes fixas e en movemento en canto foi posible tecnicamente.

Sampedro foi dos primeiros en incorporar partituras e descrición de danzas no seu cancionero. O madrileño Inzenga, nas súas obras dedicadas ao folclore de toda España dedica unha parte ás de Galicia, onde tamén recolle danzas, a súa obra é a primeira etnomusical.

Tamén no Seminario de Estudos Galegos se interesaron pola tradición oral e a súa música, encargáronse disto Torner e Bal y Gay, pero o seu traballo tamén tivo que esperar mellores tempos para seren publicado, ata os anos setenta non se enviou ao prelo.

Despois da Guerra Civil o que hai que sinalar é o interese que despertou a nosa tradición oral, aínda viva, en moitos expertos estranxeiros:

- Alan Lomax, un norteamericano que nos anos cincuenta percorreu España recollendo moitas destas cantigas. O DVD que recollemos aquí na vitrina é un documental do holandés Rogier Kappers que seguiu os seus pasos no século XXI e atopou algunha das persoas informantes de Lomax.
- Gustav Henningsen e Marisa Rey, a súa muller de ascendencia galega, ambos folcloristas, foron os seguintes, viñeron nos anos 60. El viña buscando información sobre bruxería, do que era un gran experto, pero unha vez que atoparon a nosa tradición oral aínda viva, sentiron que estaban nun museo vivente que os deixou fascinados e polo que tamén se dedicaron a recoller todas estas obras.
- Finalmente temos a Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, que como dicimos nos paneis, crearon a chamada Biblia da nosa tradición oral. Dorothe, musicóloga suíza percorría Europa buscando material aínda vivo da tradición oral e atopouse coa enorme riqueza e amplitude da oralidade galega e aquí se quedou varios anos. Coñeceu ao filólogo Santamarina nun curso de galego, xa que ela fixo unha auténtica inmersión cultural, aprendeu o galego para poder conectar coa xente que a ía informar. Percorreu amplas zonas de Galicia, primeiro con Santamarina, pero logo xa soa, ben en autostop, en bus ou no que fose. Indo dun informante a outro a según lle ían contando. Moitas veces convivía con esta xente durante días e acompañábaa nas súas tarefas e na vida diaria. Santamarina di que a xente estaba orgullosa de que preguntaran polo que sabían facer e nunca lle deron coa porta nos narices. Sobre a súa experiencia vai o documental que está na parte de audiovisual "Dorothe na vila" de Alejandro Gándara e Olaia Tubío, que trataron de atopar os seus informantes.

Despois da ditadura, cando xa non eran perseguidas as linguas non oficiais do estado español, apareceron expertos galegos, músicos, musicólogos, antropólogos que empezaron a recompilar tamén o noso saber oral. Unha mostra deles son Mini e Mero, compoñentes de *Fuxan os Ventos* primeiro e logo da *Quenlla*. Xa no século XXI, cando xa non queda case nada desta tradición, aínda hai expertos actuais interesados en recuperala e recollela. Nesta vitrina Beatriz Busto representa esta xeración.



BIBLIOTECA
DE GALICIA



VITRINA 3

Tesoureiras baixo os focos

Doc um ent o	Datos documento	Sinatura na Bibliotec a de Galicia	Ligazón ao Catálogo da Rede	Comentarios
1	Pandereteiras de Mens / Pandereteiras de Mens ; [textos], Beatriz Busto Miramontes ; [transcripción das letras e partituras], Beatriz Busto Miramontes e Sergio de la Ossa Santiago de Compostela : Central Folque, Centro Galego de Música Popular, 2021 978-84-122867-2-4		https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2018577	A antropóloga fai un percorrido pola vida destas mulleres que non quedaron baixo os focos <i>"ata que varias persoas do mundo urbano pousaron os seus ollos sobre elas"</i> .
2	Cantareiras / Icíá Varela, Xosé Manuel Varela Varela . Vigo : Xerais, 2025 978-84-1110-610-8 (aberto na páxina 132)	DL-65877	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2156335	Os autores fan un percorrido polo legado da música e a poesía popular. Falan das pandeireteiras homenaxeadas co gallo das Letras 2025.
3	Fuliada na vila / Richi Casás Santiago de Compostela : aCentral Folque, Centro Galego de Música Popular, 2020 978-84-949511-4-5 (aberto na páxina 25)	DL-57370 DL-57370* (CD)	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1960626	O músico Richi é sobriño e neto de Dolfina e Rosa Casás, dúas das homenaxeadas.
4	Recolleita . Vol. 1 / [tradicionales] ; coordinador, Pablo Quintana Autor(es): Castiñeira, Eva. ; Florencio (o cego dos Vilares) ; Quintana López, Pablo --(1956-) Publicado por: : Edigal en 1984 , 1 casete (16 temas : 36,45 min)	DL- CA 170	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1345962	É o primeiro disco publicado en Galicia en que intervén unha pandeireteira (Eva Castiñeira).



5	Debullando folklore / Manuel Cajaraville. Autor(es): Cajaraville Pensado, Manuel. ; ISBN: 84-300-9366-4 Publicado por: La Voz de Galicia, en 1983	GA 8444	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=353081	Cando Cajaraville exerceu como director da Agrupación Folklórica Aturuxo coñeceu as pandeireteiras de Mens e, cativado polo seu saber, incorporounas rapidamente á agrupación.
6	Cancioneiro galego de tradición oral / [estudo, recopilación], Dorothe Schubarth, Antón Santamarina . La Coruña : Fundación P. Barrié de la Maza, D. L. 1982. 183 p. : il., mús. ; 24 cm. 84-85728-18-1 (aberto na páxina 47)	D (1)- 12894	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=364604	A musicóloga suíza Dorothe e o filólogo galego Santamarina percorreron Galicia polos anos setenta e oitenta recollendo máis de 300 horas de gravacións, unhas 5000 letras e centos de fotos e anotacións, en 82 concellos. El comenta sobre ela: " <i>... as informantes sentían orgullo de que alguén lles dese mérito a aquelas cantigas e non tiñan reparo en botar horas con ela. Nunca lle teño sentido que se lle pechase ningunha porta</i> ".
7	Cancioneiro popular galego / recollido e ordenado por Dorothe Schubarth, e Antón Santamarina Autor(es): Schubarth, Dorothe --(1944-2023) --edc --edt ; Santamarina Fernández, Antón --(1942-) --edc --edt ; Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa --pbl ISBN: 84-85728-42-4 (O.C) Publicado por : Fundación "Pedro Barrié de la Maza", Conde de Fenosa en 1984 , 7 volumes (aberto na páxina 274)	G-39 CAN 1/1	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=453980	
8	Cancioneiro popular galego / recollido e ordenado por Dorothe Schubarth, e Antón Santamarina Autor(es): Schubarth, Dorothe --(1944-2023) --edc --edt ; Santamarina Fernández, Antón --(1942-) --edc --edt ; Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa --pbl ISBN: 84-85728-42-4 (O.C) Publicado por : Fundación "Pedro Barrié de la Maza",	G-39 CAN 6/1	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=453980	



	Conde de Fenosa en 1984 , 7 volumes			
9	Collage con recortes de prensa das pandereiteiras			

As cantareiras que chegaron a ser coñecidas son nada máis cá punta do iceberg de todas as mulleres que durante séculos conservaron, enriqueceron e deron vida á nosa tradición oral. Son as caras visibles de todas elas. As homenaxeadas que máis célebres se fixeron foron as Pandeireiteiras de Mens. "Descubríronas" nos anos setenta as Cátedras Ambulantes da Sección Femenina da Falange de las JONS. As cátedras eran camiións ou coches que ían polas aldeas tratando de "civilizar" á xente das aldeas, aprendíanlles cuestións de hixiene, de coidado dos fillos, de educación e paradoxicamente de como debían bailar e cantar (dunha forma ordenada, uniforme, case militar). As mulleres desta cátedra tiveron a sensibilidade de ver que estas señoras de Mens tiñan moito arte e valoraron o seu facer. Por iso leváronas a un escenario, onde as viu Manuel Cajaraville, director da Agrupación Folklórica Aturuxo, que segundo dicían chorou da emoción ao velas. A partir de aí foi el quen se encargou de levalas de escenario en escenario, foron por varios sitios de España, a Portugal, a Bretaña, á Arxentina... Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda de Asalo (as de Beán), Manuela Lema Villar, de Mens (Manuela da Benita) e Teresa García Prieto, tamén de Mens (Teresa da Cambada), son catro das integrantes das de Mens e son as homenaxeadas. Ademais formaban parte do grupo Adela Rey Torrado e Teresa Lema Varela (Teresa da canóniga), as dúas de Mens. Beatriz Busto fai un estudo detallado das súas vidas, traxectorias, as súas músicas e danzas. Na exposición audiovisual podemos escoitar estas mulleres contando as súas aventuras e falando das súas vidas, ouvir as súas risas e tamén podemos velas cantar e bailar.

A historia do éxito de Eva Castiñeira chegou por casualidade, ela traballaba como asistente na casa dun home socio do primeiro selo discográfico galego, *Ruada*. Este debeulle falar de Eva a Rodrigo Romani, un dos músicos de *Milladoiro*, que editou o seu primeiro disco con *Ruada*. Así que este subiu a Eva ao escenario, xunto coa súa sobriña Engracia, no ano 1981 acompañando a banda no concerto da xira de presentación do disco *Milladoiro: a Galicia de Maeloc*. Con isto, convertiu a Eva na primeira pandeireiteira que acompañou un grupo folk. Máis tarde Pablo Quintana, músico e investigador, chamou por Eva para publicar o disco *Recolleita* a primeiros dos oitenta. Con isto tamén Eva foi pioneira ao converterse na primeira pandeireiteira que publicaba un disco en Galicia. Neste disco vai unha canción que se fixo moi coñecida co nome de *Ao pasar pola Coruña*.

Por outra banda están Rosa e Adolfinia Casás Rama, de Vila da Igrexa (Cerceda), que non acadaron a mesma sona cás de Mens, só se quedaron co éxito no eido local. Contan moi orgullosas como as chamaban para cantar e tocar cando había algunha xuntanza. Elas mesmas creaban moitas coplas, segundo nos conta Dorothé delas. Richi Casás, sobriño e neto delas cóntanos moito máis no libro *Fuliada na Vila*.





VITRINA 4

Tesoureiras sen focos e anónimas

Docu men to	Datos documento	Sinatura na Biblioteca de Galicia	Ligazón ao Catálogo da Rede	Comentarios
1	<p>Mulleres de Gargamala! : cantares de tradición oral / Xulia Feixoo, Guillerme Ignacio</p> <p>Autor(es): Feixoo, Xulia ; Guillerme Ignacio ISBN: 978-84-947718-3-5 Publicado por: : aCentral Folque en 2017 (aberto pola páxina 39)</p>	DL- 59994 DL- 59994* (CD)	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1421488	Recolle cantos de traballo ao ritmo do legón batido cunha pedra. A etnomusicóloga Xulia Feixoo é unha das investigadoras de última xeración interesadas en recuperar, enriquecer e valorar a nosa tradición oral musical.
2	<p>Cancioneiro popular galego / recollido e ordenado por Dorothe Schubarth, e Antón Santamarina</p> <p>Autor(es): Schubarth, Dorothe --(1944-2023) --edc --edt ; Santamarina Fernández, Antón --(1942-) --edc --edt ; Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa --pbl ISBN: 84-85728-42-4 (O.C) Publicado por : Fundación "Pedro Barrié de la Maza", Conde de Fenosa en 1984 , 7 volumes (aberto pola páxina 34 do volumen das letras)</p>	G-39 CAN 4-5/2	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=453980	<p>A musicóloga suíza Dorothe e o filólogo galego Santamarina percorreron Galicia polos anos setenta e oitenta recollendo máis de 300 horas de gravacións, unhas 5000 letras e centos de fotos e anotacións, en 82 concellos.</p> <p>El comenta sobre ela: "... as informantes sentían orgullo de que alguén lles dese mérito a aquelas cantigas e non tiñan reparo en botar horas con ela. Nunca lle teño sentido que se lle pechase ningunha porta".</p>
3	<p>Foliada en Rois : "Terriña__ A Nosa!" / José María Cebeiro</p> <p>Fernández, Xosé Francisco Noia Souto.</p> <p>Autor(es): Cebeiro Fernández, José María ; Noia Souto, Xosé Francisco</p> <p>Publicado por: : A.C.A Regionalista en 2014</p>	DL-38295	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1092534	



4	<p>Cancioneiro popular galego / recollido e ordenado por Dorothe Schubarth, e Antón Santamarina</p> <p>Autor(es): Schubarth, Dorothe --(1944-2023) --edc --edt ; Santamarina Fernández, Antón --(1942-) --edc --edt ; Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa --pbl ISBN: 84-85728-42-4 (O.C) Publicado por : Fundación "Pedro Barrié de la Maza", Conde de Fenosa en 1984 , 7 volumes</p>	BLCAS-9419(6)	<p>Rede de Bibliotecas de Galicia catálogo > Detalles para: Cancioneiro popular galego / recollido e ordenado por Dorothe Schubarth, e Antón Santamarina</p>	
5	<p>Raiceiras . vol. 1</p> <p>Publicado por: : Disco Trompo en 1997</p>	DL CD 1710	<p>https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=367288</p>	Canciós de tradición oral recollidas en diferentes aldeas de Galicia por Nado Cruz e Mercedes Peón.
6	<p>Raiceiras . Vol. II</p> <p>Publicado por: : Disco Trompo en 2002</p>	DL CD 2212	<p>https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=698590</p>	
7	<p>Cancioneiro popular galego / recollido e ordenado por Dorothe Schubarth, e Antón Santamarina</p> <p>Autor(es): Schubarth, Dorothe --(1944-2023) --edc --edt ; Santamarina Fernández, Antón --(1942-) --edc --edt ; Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa --pbl ISBN: 84-85728-42-4 (O.C) Publicado por : Fundación "Pedro Barrié de la Maza", Conde de Fenosa en 1984 , 7 volumes</p>	BLCAS-9419(5)	<p>Rede de Bibliotecas de Galicia catálogo > Detalles para: Cancioneiro popular galego / recollido e ordenado por Dorothe Schubarth, e Antón Santamarina</p>	
8	<p>Concha do Canizo : este pandeiro que toco... / textos, Xulia Feixoo ; transcripción da música e letras e edición das partituras, Xulia Feixoo ; transcripción e edición dos bailegramas, Serxio Cobos</p> <p>Autor(es): Feixoo, Xulia ; Cobos Martínez, Serxio. --</p>	DL-59964 DL-59964* (CD)	<p>https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2011086</p>	



	mpc --pbl ; Concha do Canizo --prf ; Acentral Folque: Centro Galego de Música Popular --Centro Galego de Música Popular, ISBN: 978-84-122867-1-7 Publicado por: : aCentral Folque, Centro Galego de Música Popular 2021			
9	Galicia máxica : reportaxe dun mundo desaparecido, Gustav Henningsen, fotografías etnográficas 1965-1968 / [textos catálogo, Gustav Henningsen, Marcial Gondar Portasany, Xosé Carlos Sierra Rodríguez, Xulio Sousa Fernández, Sandra Vázquez Núñez] [Santiago de Compostela] : Museo do Pobo Galego, D. L. 2015 (Garabal) 978-84-88508-55-3 (aberto pola páxina 137)	DL-39866	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1204519	Galicia máxica é unha reportaxe dun mundo desaparecido. Fotografías etnográficas, de 1965 a 1969, de Gustav Henningsen
10	Concha de Luneda : A vida nuha cantiga / Xerardo F. Santomé Ourense : A. F. Gaiteiros do Xistra, 2022 Textos : Concepción Rodríguez Álvarez e Xerardo Fernández Santomé 9788409460847	PRE-C-5	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2077272	

Se antes viamos as cantareiras con sona, nesta banda queremos homenaxear a todas aquelas que quedaron na sombra, as que nunca colleron renome nin sona, pero que atesouraron o noso patrimonio e fixérono vivir. Nestes libros e imaxes figuran xentes que viven a música popular no seu contexto, no ambiente onde se creou realmente, na aldea: no pendello dun veciño, ao aire libre ou nunha casa. De xeito improvisado, sen preparar, sen ensaios, sen programación, sen vestiario... É que ata os anos corenta non había músicos profesionais que chegaran ás aldeas, nin outro xeito tecnolóxico de ter música, así que había que creala, era pura necesidade. E facíase con calquera cousa que estivera a man se non había instrumentos propiamente musicais: cacharros, legonas... As cantareiras facían quendas para poder bailar: unhas tocaban e cantaban para que outras bailaran e logo chegaba a remuda. Unha simple xuntanza, por exemplo despois dun traballo comunitario (ir ás patacas, unha matanza, unha esfolada, unha muiñada, unha celebración...) daba pé á música e á danza. Unha forma de desafogar, de socializar e de divertirse. O desafogo era importante nun mundo onde o traballo e a presión eran moi duros, de feito



nalgunhas foliadas nocturnas era habitual apagar a luz e deixar que sucederan cousas que non se permitían na formalidade do día (bicos, arrimos...).

Henningsen recolleu moi ben algunhas destas escenas que aínda estaban vivas nos anos sesenta. Na actualidade algunhas persoas aínda seguen a rebuscar polas aldeas restos daquel pasado: Mercedes Peón e o seu irmán Quique, Xulia Feixoo por citar algún e a editorial aCentralFolque, especializada en música popular galega. Do libro de Xulia Feixoo "Mulleres de Gargamala" destacamos o seguinte:

"A música de tradición oral de Galiza non se pode entender sen o papel das mulleres. Non só son as portadoras dunha parte enorme do noso patrimonio oral, senón que tamén foron as responsables de crear moitos dos contextos nos que esas músicas se desenvolvían. Pola contra, (...) a música que facían as mulleres estaba destinada a ocupar un papel secundario dentro da sociedade, relegada ao espazo do cotián".
(Xulia Feixoo e Guillerme Ignacio)



VITRINA 5

Da transmisión oral á publicación de discos

Documento	Datos documento	Sinatura na Biblioteca de Galicia	Ligazón ao Catálogo da Rede	Comentarios
1	<p>1904 / Aires d´a Terra</p> <p>Autor(es): Feijóo, Perfecto (--1858-1935) --gaita. --saxo. --voz.; Castro, Manuel, --tambor. ; Cervera Mercadillo, Víctor, --voz solista. ; Torres Torres, Alejandro, --voz solista. ; Feijoo Lamas, Leoncio --coro. ; Gastañaduy, Carlos, --coro. ; Sánchez de Puga, Miguel, --coro. ; Iglesias, Carlos --coro. ; Feijóo, Eduardo, --coro. ; Pazos, Diego, --coro. ; Said Armesto, Víctor--(1871-1914) ; Ouvirmos (Ourense) Publicado por: : Ouvirmos en 2003</p>	DL-CD 1326	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=416152	<p>No ano 1904, a Compagnie Française du Gramophone, filial do grupo alemán Berliner, percorre Europa facendo gravacións de cultura popular para promover o invento do gramófono de Edison e tamén o invento do disco da Berliner.</p> <p>Esta edición do 2004, promovida polo Concello de Pontevedra, é unha reprodución da orixinal.</p>
2	<p>Foliada de Bergantiños [A. 1] / Coro Cantigas da Terra ; Dir. Edilberto Suárez Pedreira.</p> <p>Autor(es): Suárez Pedreira, Edilberto. ; González Enríquez, Ramón. ; Castro, Rosalía de --(1837-1885) ; Montes, Juan --(1840-1899) Publicado por: EMI, en 1961</p>	SI-135	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=769468	<p>As históricas agrupacións folclóricas de comezos do século XX foron as primeiras en levar a música tradicional aos escenarios e en recuperar moitos cantos e bailes. Cántigas da Terra creouse no ano 1916.</p>
3	<p>Gaita gallega / Agrupación Folclórica Gallega "Cantigas e Agarimos", conjunto típico instrumental</p> <p>Autor(es): Agrupación Folclórica Cantigas e Agarimos</p>	SI-136	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2158093	<p>Cantigas e Agarimos creouse tamén no 1916.</p>



	Publicado por: : EMI en 1964			
4	Canciones gallegas. IV / Real Coro Toxos e Froles Autor(es): Garrote, Gonzalo. ; López Vergara, M. ; Bellón, C. ; Leira Rivas, G. Publicado por: Hispavox, en 1963	SI-137	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=368231	O Real Coro Toxos e Froles creouse no 1914.
5	Coro Cántigas e Aturuxos : repertorio lucense 1918 / Ramón González González Autor(es): González González, Ramón. ; ISBN: 978-84-941053-9-5 Publicado por: Ouvirmos, en 2014	DL-38314* (CD)	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1083373	Cántigas e Aturuxos creouse no 1915.
6	Canciones y danzas de La Coruña / Grupo de Coros y Danzas de La Coruña Autor(es): López Paradela, Miguel ; Temprano Castro, Xosé ; Ambite, Antón Publicado por: : Hispavox en 1977	LP-100	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2157985	Durante o franquismo, a "Sección Femenina de la Falange" tamén se encargou de recuperala, aínda que fose para "civilizala".
7	Falemos galego / A Roda Autor(es): Vaamonde, Lois. ; Domínguez, Fito (--1945-2012) ; Domínguez, Lois. ; Collazo, Ricardo. ; Abalde, Pituco. ; Abalde, Xosé Lois. ; Santos, Manolo dos. ; Cabrera, Queno. Publicado por: Dial Discos, en 1979	LP-101	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=783396	Cando nos 70 xa se puido cantar en galego, fóra do folclorismo, naceron agrupacións que beberon da música tradicional directamente ou ben usárona para crearen algo novo acorde cos tempos.
8	Fuxan os ventos : 50 anos de historia / [comisariado, Sabela Fraga ; textos, Uxía Senlle ... et al.] Autor(es): Álvarez Blanco, María Rosario --(1952-) --hst ; Rodríguez González, Román --(1968-) --hst ; Senlle, Uxía --aut ;	DL-56950	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2066797	



	Estévez, Xoán Manuel. --aut ; Fraga Costa, Sabela --(--aut ; Consello da Cultura Galega --pbl Publicado por: : Consello da Cultura Galega en 2022			
9	Cantigas dun pobo [Gravación sonora] / Fuxan os Ventos Autor(es): Rivas Cruz, X. L. --(1951-) ; Docampo, María. ; Cabodevilla, J. ; Álvarez Pousa, Luís --(1948-) ; Manuel María --(1929-2004) ; Gaiteros Treboada. Publicado por: : Fonogram en 1982	CA 2	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=367417	
10	Fía na roca Autor(es): Vázquez, Xosé Ramón (--1965). ; Bueno, Xabier.. ; Farinha, Quim ; Comesaña, Enrique. ; Fía Na Roca (Grupo musical) Publicado por: : Antirritmo en 1993	CA 213	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=368104	
11	Navicularia / Berrogüetto Autor(es): Cribeiro Galego, Santiago --(1965-) ; Juncal, Paco. ; Comesaña, Quico (--1962-) ; Fernández, Guillermo (--1969-) ; Palacín Losada, Isaac (--1967) ; Pintos, Anxo (--1968-) ; Pandereteiras de Cantigas e Agarimos Publicado por: : s.n.] en 1996	DL CA 393	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2158078	Neste disco de 1996, Berrogüetto contou con varias pandeireteiras.
12	Milladoiro : a Galicia de Maeloc: unha fotobiografía / edición, introdución e entrevista, Marcos S. Pérez Pena ; epílogo, Manuel Bragado	CD-1098	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=657134	Na xira deste disco foi cando invitaron a Eva e a Engracia Castiñeira (as pandeireteiras de Muxía) a subir ao escenario.



	Autor(es): Pérez Pena, Marcos S. ; Bragado, Manuel. ISBN: 84-611-1387-X Publicado por: : Fundación Otero Pedrayo en 2006			
13	Galicia no país das maravillas / Milladoiro Autor(es): Seoane, Antón. ; Martínez, Anxo. ; Canada, Michel. ; Casal, Nando. ; Fernández Méndez, Xosé Antón. ; Ferreirós, Xosé V. ; García, Moncho. ; Romaní, Rodrigo –(1957-) Publicado por: CBS, en 1986	LP-103	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=772734	Gravado en 1986, neste disco participan tres pandeireteiras formadas polo grupo Cantigas e Agarimos. Na xira de 1988 xa eran cinco. En 1989, varias delas formaban Leilía.
14	Caloeiriña das Bouzas / Pallamallada Autor(es): Bravo Campos, Dolores. ; Iglesias Ramos, Beatriz. ; García Antelo, Milucha. ; Mújico Sánchez, Gabriel. ; Riveira Gómez, Juan. ; Meixide Figueiras, Cándido. ; Marín Martínez, Ramón. ; Moure González, Mónica ; Pallamallada (Grupo musical) Publicado por: : Edicións do Cumio en 1997	CD-1992	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=367305	Con outro disco de Pallamallada (<i>Por que non hei de cantare</i> , 1989) confírmanse as pandeireteiras, foi unha icona no seu tempo. Nel colaboran as pandeireteiras de Bembibre.

O mundo da aldea foi esmorecendo conforme o éxodo rural foi impoñéndose ao longo do século XX, con el morría o contexto da tradición oral. Por iso algunhas persoas que sentiron interese por conservala e incluso por reavivala, pensaron en levala ao novo contexto en que se movía a outra música e tamén en gravala, como se facía xa meses momentos. As primeiras foron as históricas agrupacións folclóricas nadas sobre todo a principios do século XX: Aires d'a Terra (1883), Cántigas da Terra (1916), Cantigas e Agarimos (1916), Coral de Ruada (1919), Real Coro Toxos e Froles (1914), Cántigas e Aturuxos (1915)...

Un caso curioso foi a gravación de 1904 de Aires d'a Terra, a agrupación de Perfecto Feijoo, o boticario de Pontevedra propietario do loro Rabachol. Eles prestáronse para imprimir a súa música nun utensilio novo que creara a empresa Berliner e que Edison desbotara dicindo que non tería futuro. A compañía francesa, delegada da Berliner, chegou a Galicia promocionando o disco e sobre todo o novo invento de



Edison, o gramófono e pedíronlle a Perfecto se gravaba con eles, este disco é a versión dixitalizada daquel de 1904 e que pode escoitarse nas listaxes de reprodución seleccionadas pola biblioteca para exposición audiovisual.

Tamén a Sección Femenina de la Falange de las JONS fixo recollas e gravacións desta nosa tradición. Logo nos anos setenta, despois da ditadura franquista, cando xa non eran perseguidas as outras linguas non oficiais do estado español, comezaron a nacer agrupacións musicais que volveron ás aldeas para recuperar esa tradición e adaptala aos tempos modernos. Aí están *Fuxan os Ventos*, *Fía na roca*, *A Roda...*

Algúns destes discos ou grupos son significativos para o recoñecemento das pandeireteiras: en *Navicularia* e en *Galicia no país das maravillas*, Berrogüetto e Milladoiro respectivamente, contaron con elas para as gravacións. No concerto de promoción do disco *A Galicia de Maeloc* foi cando Milladoiro subiu a Eva e Engracia Castiñeira ao escenario a tocar con eles. O disco *Por que non hei de cantare*, da agrupación *Pallamallada*, no que contan coas pandeireteiras de Bembibre, foi unha icona do seu tempo para a confirmación das pandeireteiras. Xa que inicialmente, nese rexurdimento da música tradicional, as cantareiras quedaron relegadas a un segundo plano fronte a agrupacións de gaiteros ou folk: non figuraban nos carteis, non tiñan nome significativo, ían de recheo. Houbo que agardar a que certas agrupacións de pandeireteiras reclamaran o seu lugar e o seu valor.



VITRINA 6

Remúdame nena!

Documento	Datos documento	Sinatura na Biblioteca de Galicia	Ligazón ao Catálogo da Rede	Comentarios
1	<p>Consentimento / Leilía</p> <p>Autor(es): Rodríguez, Mercedes --(--prf ; Martínez, Xacobe, --itr; Rodríguez, Rosario --prf ; Segade Otero, Patricia --itr ; Segade Otero, Felisa --prf ; Rivera, Montserrat --prf ; Rodríguez, Ana--prf ; Porto, Xoan --itr ; Yukhnevich, Vadim --itr</p> <p>Publicado por: : Fol Música en 2011</p>	DL CD 2481	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=951781	<p>Sete anos despois de naceren Xacarandaina (1982, o primeiro grupo moderno de pandeireteiras), varias mulleres que tocaran con Milladoiro crean en Compostela Leilía, que se propuxo "recuperar do esquecemento a tradición oral galega". Publicaron seis discos en trinta anos de actuacións. Son un referente no rexurdimento das pandeireteiras, á parte do labor de recuperación e difusión da tradición oral.</p> <p>Con este disco homenaxean a todas as pandeireteiras e cantareiras doutrora.</p>
2	<p>Son de Leilía</p> <p>Autor(es): Rivera, Montserrat ; Rodríguez Lareo Gomez, Ana. ; Rodríguez Vazquez, Mercedes. ; Rodríguez Gómez, Rosario. ; Plaza Vázquez, Lucía. ; Rivera, Montserrat ; Torrado, Antonio. ; Nieto, José. ; Liorzou, Eric. ; Nieto Novais, Manolo, --gaita. ; Leborgne, Loia, --acordeón. ; Quilliem, Bernard, ; Muñoz, Enrique,, Delgado, Luís, ; Deltell, Leandro, ; Hernández, Xan, ; Pascual, Pedro, ; Díaz, Javier, ; Alonso, Pablo, ; Fernández,</p>	CD-2485	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=715701	



	Guillermo.. ; Ezquero, Roberto, ; García, Kin, ; Teijeiro, Alfredo, ; Budiño, Xosé Manuel ; Alecrín (Grupo musical) ; Brincadeira. ; Bleizi Ruz (Grupo musical) ; Rumbadeira (Grupo musical) ; Segade Otero, Patricia ; Segade Otero, Felisa ; Porto, Xoan ; Porto, Xoan ; Milladoiro (grupo musical) Publicado por: : Leilear en 2005			
3	Lúas de outubro e agosto / Guadi Galego. Autor(es): Galego, Guadi ; Publicado por: : Fol Música en 2014	DL CD 302	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1045962	
4	Palabras darei / Ialma Publicado por: Zoku-Emi, en 2000	CD-2568	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=678334	
5	Da miña xanela á túa / Malvela. Vigo : Pai Música, D. L. 2007	DL CD 121 [Comp. 032]	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1244338	
6	Livres e loucas / Habelas Hainas [A Estrada] : Edisco, D. L. 2017	CD-2584	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=750506	
7	Cantar de traballo e pandeiretada de Caión[P.1] / Xiradela Autor(es): Fransy. ; Inés. ; Sandra. ; M ^a Pili. ; Bunke, Tamara	DL CD 2327	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=399919	



	--, (Tania la guerrillera) (--1937-1967) -- - Biografías ; Almudena. ; Silvia. Publicado por: ; Xingra.com en 2002			
8	Fábrica de luz / A Banda da Loba Autor(es): Porto Mato, Andrea. --(1989-) --itr --prf ; Porto Mato, Marcela ; Lastra Pernas, Xiana. Publicado por: : Seispés Producións Creativas en 2019	CD-2572	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1980678	
9	Somos pandeireteiras / Mercedes Peón [prólogo] ; Natalia Balseiro [introdución] ; Ana Romani, Selina Otero, Andrea Nunes, María Reimóndez, Susana Sanches Arins Vigo : Xerais, D. L. 2024 978-84-1110-609-2	DL-65876	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2154573	Este proxecto de pensamento e articulación social e cultural foi promovido pola investigadora, pandeireteira e compositora Mercedes Peón no ano 2021 en Carballo. Mercedes, xunto co seu irmán Quique, fixeron un importante traballo de recolla e recuperación de música tradicional. Ela, pola súa banda, dedicou case toda a vida a esta música, e non só a recuperala, estudala, investigala e difundila, senón tamén a recreala e innovala.
10	Déixaas / Mercedes Peón Autor(es): Peón, Mercedes ; Publicado por: : Altafonte Music en 2018	DL CD 2759	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1437156	
11	En conserva!! / Pandeioromus. Publicado por: Disco Trompo, en 1999	DL CD 1497	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=384244	
12	Lobos / Davide Salvado. Autor(es): Salvado, Davide. ;	DL CD 753	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/	



	Publicado por: Fol Música, en 2015		cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1089816	
13	Tronzar os valos / [letra e música] M^a Xosé Silvar [Cangas do Morrazo, Pontevedra] : Fol Música, D. L. 2015	DL CD 747 [Comp. 032]	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1083377	
14	Tanxugueiras / Tanxugueiras [S. l.] : Seispés producións creativas, D. L. 2018	CD-2583	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1442395	
15	As catedrais silenciadas = The Silenced Cathedrals / Xabier Díaz & Adufeiras de salitre [S. l.] : Músicas de salitre, D. L. 2020	DL CD 94 [Comp. 032]	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1817313	Neste traballo Xabier Díaz, outro gran recolledor e recuperador da tradición oral, comenta en relación ás cantareiras homenaxeadas, que el chama "catedrais silenciadas": cinco mulleres que, coma milleiros do país, estaban condenadas a ser anónimas e invisíbeis"
16	Quitar o aire / Caamaño e Ameixeiras Madrid: Raso Estudio, 2023	CD-2621	https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=2164937	

Como mostra da remuda xeracional das pandeireteiras e da súa vitalidade, están os discos desta vitrina. Nela figuran unha mostra dos moitos grupos musicais que buscaron nas nosas coplas tradicionais letras ou maneiras de tocar das nosas devanceiras para crear as súas obras de estilos máis contemporáneos. Estas agrupacións fixeron rexurdir as pandeireteiras, conseguiron que ocuparan todo o escenario, que se valoraran. E con iso conseguiron tamén revivir as foliadas, adaptáronas ao novo contexto, fana nas vilas e cidades, e xa non se usan os traxes rexionais, calquera pode botarse a bailar en canto se escoita música apropiada, trátase de recuperar a espontaneidade. A pandeireta apréndese a tocar en centros socioculturais e en escolas de música.



Neste rexurdir hai que nomear a varias persoas e agrupacións responsables deste rexurdimento: Xacarandaina foi o primeiro grupo moderno de pandeireteiras no ano 1982. Logo chegaron as Leilía a finais dos anos oitenta (que eran ex compoñentes de Cantigas e Agarimos), o seu disco *Consentimento* vai dedicado ás pandeireteiras de sempre. Mercedes Peón é outra das persoas clave neste rexurdir, ela é a que está detrás do proxecto *Somos pandeireteiras*, creado en Carballo no ano 2021, onde se fala e reflexiona sobre esta música e as súas protagonistas. Mercedes foi pasando desde a tradición ata a experimentación con música electrónica. Son mulleres que fixeron un importante labor de recuperación, de divulgación e de recreación da música das cantareiras. Logo veñen moitos outros músicos e agrupacións que achegan a súa visión e personalidade á recreación da música tradicional. Algunhas con grande éxito dentro e fóra de Galicia como Fillas de Cassandra ou por suposto Tanxugueiras.